Información xeral

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo que trate a situación medioambiental de Galicia, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sustentabilidade.

DESTINATARIAS/OS

- Técnicas/os, funcionarias/os e responsables políticos da Administración Local, Provincial e Autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados coas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da Universidade, de Ensino Secundario e Formación Profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado coas áreas obxecto de estudo.
- Técnicos e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres e titulados superiores (farmacéuticos, médicos, veterinarios, químicos, biólogos, enxeñeiros, arquitectos, avogados, economistas, xeógrafos, psicólogos, sociólogos, licenciados en Ciencias do Mar, diplomados en Relacións Laborais, diplomados en Enfermería, etc.) que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Técnicos superiores en saúde ambiental, en química ambiental, en traballos forestais e de conservación do medio natural, e de xestión e organización dos recursos naturais paisaxísticos, etc.
- Estudantes universitarios relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Estudantes dos ciclos formativos de grao superior de saúde ambiental, de química ambiental, de traballos forestais e de conservación do medio natural, e de xestión e organización dos recursos naturais paisaxísticos, etc.

METODOLOXÍA

- Unha sesión inaugural e cinco sesións plenarias configuran a estrutura do curso/congreso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañada de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (Power Point), cun debate á finalización de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.
- Realización de visitas prácticas ao medio natural e a instalacións de interese medioambiental e sanitario.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** 100 (limitado á capacidade do local), que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.
- **Cota de inscrición:** 60 €.
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria ou entrega en efectivo na oficina urbana nº 9 de **Caixa Galicia**, situada na Rúa Frai Rosendo Salvado, nº 22 – 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), nº de conta: **2091 – 0372 – 48 – 3040010913** especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento, e presentarase/enviarase por e-mail á Secretaría Técnica antes do xoves día 22 de novembro ás 14.00 horas (data límite de formalizar a inscrición).

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta coa publicación do **Libro de Ponencias** e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO E CRÉDITOS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (*)

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso/congreso, que consta de **32 horas lectivas**, recibirán un diploma acreditativo de asistencia.
- Solicitude de 2 créditos de libre configuración á Universidade da Coruña (UDC). A UDC concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso/congreso (en tramitación).
- Solicitude de 1 crédito de libre configuración á Universidade de Santiago de Compostela (USC). A USC concederá **1 crédito de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso/congreso (en tramitación).
- Solicitude de 2 créditos de libre configuración á Universidade de Vigo (UV). A UV concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade que asista ao curso/congreso (en tramitación).

SÉ, DATAS E HORARIO

- **Sé:** Salón de Actos da Fundación Caixa Galicia (Rúa do Vilar nº 19 – 15704 Santiago de Compostela).
- **Datas:** do 26 ao 30 de novembro de 2007.
- **Horario:** de 16.30 a 20.30 horas (de luns a xoves) e de 10.00 a 14.00 horas (mércores e venres) terán lugar as sesións teóricas. O martes e o xoves, de 10.00 a 14.00 horas, terán lugar as visitas prácticas (opcionais).

SECRETARÍA TÉCNICA
(INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS)

OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA - SANTIAGO
R/ Montero Ríos, 9 – 1º
15706 Santiago de Compostela
Tel.: 981 95 30 73
E-mail: lguldris@caixagalicia.es

Organismos colaboradores

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

CONCELLO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

augasdegalicia

Entidades e empresas colaboradoras

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

Asociación de Empresarios del Polígono Industrial del Tambre

AENOR Asociación Española de Normalización y Certificación

DENOMINACIÓN DE ORIGEN
Rías Baixas
CONSEJO REGULADOR

endesa

IBERDROLA

UNION FENOSA

novotec

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

danigal
Vidrio, S.L.

Applus
Certification
Technological Center

Jael
joyería

Aquagest

AQUABONA

Coca-Cola

sma
Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

Recoñecementos e acreditacións

Auspiciado pola

SESA
SOCIEDAD ESPAÑOLA DE SANIDAD AMBIENTAL

Recoñecido con créditos de libre configuración polas (*)

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE VIGO

Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa

Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española

PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2007

XXXIII Curso de Saúde Ambiental

CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE

Santiago de Compostela, 26-30 novembro 2007



Patrocinadores oficiais

OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA

EGAEL Escola Galega de Altos Estudos Locais

FEGAMP

Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

"O medio como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación".

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos que condicionan e sustentan a vida. Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións lexislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección da contorna na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sustentable; sendo esta unha oportunidade máis, de concienciar os concellos galegos da importancia de asumir esta filosofía na súa xestión, a través da posta en marcha do **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2007**, que leva consigo:

- **Un primeiro nivel de actuación:** de formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, e de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio, a través da realización do XXXIII Curso de Saúde Ambiental en Santiago de Compostela (nesta edición especial de ámbito galego ao celebrarse na capital de Galicia, ademáis, Congreso Galego de Medio Ambiente), que pretende converterse en foro de debate, punto de encontro e referencia ambiental de Galicia durante esa semana, co obxectivo de contribuír a mellorar a xestión e as condicións de vida dos cidadáns de Galicia.
- **Un segundo nivel de actuación:** de participación cidadá, peza clave e fundamental na posta en marcha de calquer programa de actuación.
- **Unha recomendación:** que os concellos galegos, coa axuda e o apoio da Administración, impulsen a posta en marcha e desenvolvemento da Axenda 21 Local.

Co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios que ten o conxunto de Galicia, organízase este congreso, deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sustentabilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio e na saúde. Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, comunicadores, ecoloxistas, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio saudable e sustentable para tod@s @s galeg@s, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira
RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2007

Programa

LUNS, 26 DE NOVEMBRO

16.00 h.: ACREDITACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN.

17.00 h.: ACTO INAUGURAL.

18.00 h.: SESIÓN INAUGURAL:**'Posta en valor do patrimonio natural galego: o camiño cara a unha Galicia saudable e sustentable, mellor legado para xeracións vindeira'.**

PRESIDENTA: PROFª. DRA. Dª. MARÍA JULIA MELGAR RIOL
Profesora titular de Toxicoloxía, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible e vicedecana da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela - Campus de Lugo.

RELATORES:

- **'Medio ambiente e saúde: conceptos que deben valorarse conxuntamente'.**
  D. RAMÓN MEDINA GONZÁLEZ-REDONDO
  Ilmo. Sr. Director xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

- **'Importancia da protección e conservación dos espazos naturais protexidos en Galicia'.**
  D. XOSÉ BENITO REZA RODRÍGUEZ
  Ilmo. Sr. Director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

- **'Radiografía ambiental de Galicia: propostas de mellora'**
  PROF. DR. D. FRANCISCO JOSÉ PEÑA CASTIÑEIRA
  Profesor de Medio Ambiente e Saúde de CEPADE – Universidad Politécnica de Madrid. Académico Correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Experto en Saúde Ambiental.

20.00 h.: RECEPCIÓN NO CONCELLO DE SANTIAGO AOS PARTICIPANTES.

MARTES, 27 DE NOVEMBRO

10.00-14.00 h.: Ruta de turismo verde polos xardíns históricos e árbores monumentais de Santiago de Compostela (Alameda do Campo da Estrela, Paseo da Ferradura e Carballeira de Santa Susana, Pazo de Fonseca, Pazo de San Lourenzo de Trasouto, Parador Hostal dos Reis Católicos), guiada polo PROF. DR. D. CARLOS RODRÍGUEZ DACAL *(doutor en Bioloxía, botánico e catedrático de Ciencias Naturais)*.

16.30 h.: I SESIÓN PLENARIA: **'A calidade das augas en Galicia: elemento crítico para a saúde e o desenvolvemento sustentable'.**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. JUAN JESÚS GESTAL OTERO
Catedrático de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Santiago de Compostela. Xefe do Servizo de Medicina Preventiva do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela. Académico Numerario da Real Academias de Medicina e Cirurxía de Galicia. Académico Numerario da Real Academia de Famacia de Galicia.

RELATORES:

- **'Plan de saneamento de Galicia 2000-2015'.**
  PROF. D. FRANCISCO ALONSO FERNÁNDEZ
  Ilmo. Sr. Subdirector xeral de Programación e Proxectos de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. Profesor da Universidade de Vigo.

- **'A calidade das augas nas rías galegas: programa de control das zonas de producción de recursos mariños'.**
  D. XOSÉ MANOEL ROMARIS PAIS
  Director do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia.

- **'Criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano: situación actual dos abastecementos galegos'.**
  Dª. MARÍA DEL CARMEN SÁNCHEZ BARRAL
  Xefa de sección de Sanidade Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia en Pontevedra.

- **'A xestión dos servizos de abastecemento e saneamento nalgúns concellos galegos'.**
  Dª. ANA TEJEIRO SANDOMINGO
  Xerente Zona Centro de Aquagest Galicia.

- **'Eficacia das plantas depuradoras compactas e prefabricadas na depuración de augas residuais domésticas para pequenos núcleos de poboación'**
  D. ANTONIO PIÑEIRO SEOANE
  Director xeral de SMA – Soluciones Medioambientales y Aguas, S.A.

MÉRCORES, 28 DE NOVEMBRO

10.00 h.: II SESIÓN PLENARIA: **'As necesidades enerxéticas e a súa axeitada utilización como xeradoras de desenvolvemento sustentable: prevención e loita contra o cambio climático'.**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. LUIS ESPADA RECAREY
Exrector e catedrático de Enxeñería Química da Universidade de Vigo. Valedor do Cidadán de Vigo.

RELATORES:

- **'Estado actual da calidade do aire en Galicia: prevención, seguimento e adopción de medidas correctoras'.**
  DR. D. MIGUEL ÁNGEL COSTOYA RIVERA
  Director do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

- **'Prevención e control da contaminación atmosférica nas grandes instalacións de combustión'.**
  D. JOSÉ LUIS BERMÚDEZ CELA
  Xefe de Medio Ambiente de Endesa-As Pontes.

- **'O cambio climático e os dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro'.**
  D. ÁNGEL LAGARES DÍAZ
  Xefe de Medio Ambiente de Unión Fenosa.

- **'Retos ambientais da enerxía eléctrica: a experiencia de Iberdrola'.**
  D. FRANCISCO OLARREAGA TELLECHEA
  Xefe do Departamento de Desenvolvemento Sostible de Iberdrola.

- **'As enerxías renovables en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro'.**
  DRA. Dª. ROSA NÚÑEZ PARDO DE VERA
  Técnico do Departamento de Enerxías Renovables e Servizos do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

16.30 h.: III SESIÓN PLENARIA: **"A xestión dos residuos en Galicia: a necesidade de complementar procedementos".**

PRESIDENTE: PROF. DR. D. MANUEL BAO IGLESIAS
Catedrático xubilado de Enxeñería Química e Medalla de Ouro da Universidade de Santiago de Compostela. Académico Numerario da Real Academia Galega de Ciencias.

RELATORES:

- **'De Sogama á Sociedade Galega do Medio Ambiente'.**
  Dª. MARÍA ESTHER CAMPOS MOSQUERA
  Responsable de Comunicación e Prensa de Sogama.

- **'Planta de tratamento dos residuos urbanos de Nostián'.**
  D. DANIEL OTERO COUTO
  Director xerente de Albada.

- **'Evolución da xestión dos residuos industriais cara á sustentabilidade'.**
  D. JUAN MOGIN DEL POZO
  Director técnico do Grupo Toysal.

- **'Reciclaxe e tratamento do vidrio'.**
  D. JUAN CARLOS FERNÁNDEZ GONZÁLEZ
  Director técnico de Danigal Vidrio, S.L.

- **'Avaliación obxectiva da resposta cidadá coa recollida selectiva de residuos urbanos'.**
  D. BENITO BLANCO PEQUEÑO
  Xefe de Proxectos do Departamento de Medio Ambiente de Novotec Consultores, S.A.

XOVES, 29 DE NOVEMBRO

10.00-14.00 h.: VISITAS PRÁCTICAS: ETAP e EDAR municipais de Santiago de Compostela, xestionadas por Aquagest, S.A.; Punto Limpo municipal de Santiago de Compostela, xestionado por Urbaser; Parque Eugenio Granell, paseo fluvial do Sarela, áreas recreativas da Granxa do Xesto e de Chaián – río Tambre.

16.30 h.: IV SESIÓN PLENARIA: **'A empresa ante o reto ambiental do século XXI: a súa contribución ao desenvolvemento sustentable de Galicia'.**

PRESIDENTE: D. ANTONIO FONTENLA RAMIL
Presidente da Confederación de Empresarios de Galicia.

RELATORES:

- **'A xestión ambiental como xeradora de rentabilidade empresarial'.**
  D. JOSÉ ENRIQUE RODRÍGUEZ COELLO
  Auditor xefe de Sistemas de Xestión Medioambiental da Delegación de Aenor en Galicia.

- **'A Responsabilidade Social Corporativa como ferramenta de excelencia empresarial'.**
  Dª. MARÍA VICTORIA ESCUREDO MERINO
  Xefa do Departamento de Consultoría de Novotec Galicia.

- **'Revitalización do termalismo en Galicia e a súa contribución ao desenvolvemento sustentable: diferenzas conceptuais entre os balnearios, centros de talasoterapia e spa'.**
  DR. D. ENRIQUE PIEDRAS GARCÍA
  Director médico do Balneario Gran Hotel Hesperia La Toja e do Balneario Hesperia Isla de la Toja. Director do Centro de Talasoterapia do Hotel Louxo – La Toja.

- **'Contribución da industria vitivinícola ao desenvolvemento sustentable: implantación do sitema de calidade'.**
  D. RAMÓN HUIDOBRO VEGA
  Secretario xerente do Consello Regulador D.O. Rías Baixas.

VENRES, 30 DE NOVEMBRO

10.00 h.: V SESIÓN PLENARIA: **'Posta en común sobre a problemática ambiental galega: o camiño cara á sustentabilidade de Galicia'.**

PRESIDENTE: D. BENITO GARCÍA CARRIL
Director de Galicia Ambiental – Grupo Correo Gallego. Periodista especializado en información ambiental. Membro da Asociación de Periodistas de Información Ambiental de España (APIA).

RELATORES:

- **'Os solos e a auga nunha Galicia sustentable'.**
  PROF. DR. D. FRANCISCO DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA
  Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela. Membro Correspondente da Real Academia Nacional de Farmacia. Numerario da Real Academia de Farmacia de Galicia. Numerario da Real Academia Galega.

- **'Ordenación sustentable do litotal galego'.**
  PROF. DR. D. FRANCISCO JAVIER SANZ LARRUGA
  Profesor titular de Dereito Administrativo da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña. Experto en Dereito Ambiental.

- **'Plan de actuacións ambientais sustentables no litoral galego'.**
  D. CARLOS GIL VILLAR
  Conselleiro técnico da Demarcación de Costas en Galicia da Dirección General de Costas do Ministerio de Medio Ambiente.

- **'Do feísmo ao urbanismo sustentable en Galicia'.**
  PROFª. DRA. Dª. ALMUDENA FERNÁNDEZ CARBALLAL
  Profesora titular da Área de Dereito Administrativo da Universidade da Coruña. Especialista en Dereito Urbanístico.

12.30 h.: ENCONTRO COS ALCALDES DAS 33 VILAS E CIDADES DE GALICIA QUE FORON SEDES DO PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2007, AOS QUE SE LLES FARÁ ENTREGA DUNHA INSIGNIA DE PRATA E ESMALTE E DIPLOMA ACREDITATIVO.

13.30 h.: ACTO DE CLAUSURA E ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS AOS PARTICIPANTES.

14.00 h.: SERVIRÁSELLES UN VIÑO GALEGO AOS PARTICIPANTES NO PARADOR HOSTAL DOS REIS CATÓLICOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.